



## IMPORTANTE VITORIA

Partido disputado no campo municipal de Neda, correspondente á quinta xornada de liga, que finalizou coa vitoria do Numancia, tres puntos que lle permiten seguir preto dos primeiros postos.

4 de outubro de 2009. **FICHA TÉCNICA:** Neda: Diego; Iván (Julián, m. 69), Miguel (David, m. 69), Abel, David; Francisco (Alejandro, m.57), Alejandro, David Peña, Benito, Daniel (Fernando, m. 68) e Roberto. Numancia: Sergio; Jaime, Fernando, Bule, Vicente; Julio (Jesús, m. 90), García, Teti (Pedro, m. 58), Rubén (Borja, m.64); Manu e Pedrito .

Árbitro: Roberto José Landrove Sande.

Goles:

0-1 m. 1: Pedrito, desde o centro do campo

1-1 m. 35:

1-2 m. 50: Pedrito de cabeza , finaliza unha combinación entre Fernando e Manu

1 – 3 m. 88: Borja tras xogada de Manu por banda e centro atrás.

2 – 3 m. 90

**COMENTARIO:** Gran partido do Numancia ante un bo equipo como o Neda. Adiantouse o equipo aresán na primeira xogada, no saque de centro, Pedrito lanzou un balón que pillou adiantado a un sorprendido gardarredes local. Un golazo. O dominio do partido tívoo o Numancia, con ataques constantes e control do xogo. Tamén o Neda disfrutou de varias oportunidades de gol, sempre a balón parado. Así se chegou ao descanso con empate a un gol.

Decisiva puido ser a sinalización do penalti a favor do Neda no m. 79 e a expulsión do defensa Bule. Esta foi a xogada clave que desaproveitou o Neda para conseguir o empate. O porteiro visitante, Sergio, neutralizou o lanzamento do penalti e permitiu que o Numancia seguira no partido, aínda que con un xogador menos. Na parte final do partido o terceiro gol numantino sentenciou un partido moi disputado entre dous equipos que a final de temporada estarán nos postos altos da clasificación.